

**NÚMERO 5/16**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 21 DE ABRIL DE 2016.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e dous minutos do día vinte e un de abril de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Nuria Castro García, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Asiste o Interventor D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión nº 1/2016, de 28 de xaneiro.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 1/2016, de 28 de xaneiro.-

**2º.- Dación de conta das accións levadas a cabo a consecuencia da inundación producida o día 30-3-2016.-**

O sr. Alcalde comeza expresando a súa solidariedade cos veciños e empresas afectadas e o seu desexo de que se consiga solucionar ou paliar os danos na medida do posible e di que a continuación tratará de explicar de forma concisa todas as accións levadas a cabo e a actuación do goberno municipal na xestión desta crise. Comeza o sr. Alcalde falando da alerta amarela recibida na noite do día 29, na que se prevé 40 l/m2 ata o 31 de marzo ás 00:00 horas, que non dá lugar a ningún tipo de dispositivos porque así o establece o protocolo de emerxencias, ás 3:28 é a primeira chamada á Policía Local, que ás 3:55 contacta co SEM e tamén co 112 e co encargado de Obras e Servizos e ás 4:15 da mañá decide chamar ao alcalde, quen minutos mais tarde acude co encargado de Obras e Servizos á zona da rúa Venezuela. Neste punto prodúcese unha alteración da orde ao interromper a sesión con berros algún membro do público. O sr. Alcalde pide silencio e segue a súa exposición, dicindo que a hora en que lle foron comunicados os feitos consta nos informes da Policía Local e expoñendo as medidas adoptadas para desprazar os efectivos que estaban nese momento traballando, do 112, o SEM e o encargado de Obras e Servizos. Informa dos lugares visitados ao longo da madrugada e das distintas axudas inmediatas efectuadas aos veciños mais afectados, zonas ás que non puido chegar nese momento o operativo por estar a auga inundando a estrada, a intervención da Garda Civil de Oleiros ao estar a Garda Civil de Sada desprazada noutro servizo, a comprobación dos ovoides na entrada da Rúa Venezuela para asegurar que non estaban atascados, o apagado de bombeos de residuais para evitar mandar máis augas e o aviso a todo o persoal dispoñible vendo que a dimensión que estaba cobrando o fenómeno, poñéndose toda a plantilla do concello a disposición da xestión das inundacións; despois e ao longo do día xa se foron incorporando todos os demais servizos colaboradores, como figura nos informes das distintas administracións, e para garantir a seguridade das persoas procedeuse a evacuar vivendas mediante lanchas zodiac. Agradece a colaboración de todos os que participaron no dispositivo, Garda Civil, Axega, 112, Xunta de Galicia, Concello da Coruña, Cespa e Viaqua e sobre todo aos traballadores municipais, que responderon á chamada da Alcaldía coa máxima colaboración.-

Continúa o sr. Alcalde falando das seccións e as cotas que hai en Sada na saída do río, que considera un problema estrutural de complexa solución que hai que meditar moito, xa que as cotas de varias rúas como o calexón da Lagoa, as rúas Cambre, Culleredo e Abegondo están moi por debaixo do nivel da marea e incluso do nivel do río Maior; fala tamén dos rexistros pluviométricos no día da inundación, di que na estación de Guisamo se recolleron 120 l. en 32 horas aproximadamente, o cal da unha idea da enorme cantidade de auga que chegou a Sada, onde converxen as cuncas de varios ríos cunha extensión de 24 millóns de m2; ademais as seccións de saída das canalizacións son moi pequenas, e hai unha redución de sección desde o punto no que o Río Maior entra na Canalización ata que desemboca no mar; o mesmo sucede co Río Pequeno, a saída ao mar é moito máis pequena que a chegada a Sada. A chegada a Sada vén a un caudal enorme e no momento que se dan situacións excepcionais é moi difícil evacuar. Fala dos rexistros tomados neses días en Cecebre que recolleron 105 l/m2 en 24 horas, é un rexistro espectacular que obrigou a Emalcsa a desembalsar toda a auga que se puido. Di que ademais do problema da pequena seccións da canalización, esta o problema das cotas dos ovoides que en marea alta ven freada a súa saída. Afirma que a alerta laranxa chegou por fax a Sada ás 7:16, cando o Concello xa

tiña todo o dispositivo en funcionamento, e que as causas do sinistro son evidentemente unha excesiva pluviometría cunhas infraestruturas totalmente deficitarias para esa cantidade de auga. Estase traballando para resolver o problema desas infraestruturas, tendo acordado con Augas de Galicia aportar todos os datos posibles, como tamén se está traballando en paliar os danos provocados e para isto vaise estudar a implantación de bonificacións no ICIO e se atenderá á xente que estea en exclusión social sobrevida pola inundación; estableceuse unha oficina de información e asesoramento para axudar á tramitación das axudas estatais e tamén pediúselles axuda á Xunta de forma subsidiaria para o que non cubra o Consorcio de compensación de seguros e o Estado. Bríndase a proporcionar información e contestar a posibles dúbidas, advertindo que aínda non foron recibidos todos os informes solicitados.

O sr. Suárez di que os datos que acaba de dar o sr. Presidente aclaran o acontecido o día das inundacións, trátase dunha catástrofe ante a cal todos os grupos municipais demostraron compromiso e no Pleno do día seguinte estiveron á altura das circunstancias respecto do acordo sobre medidas a tomar en beneficio dos afectados polas inundacións, porque o primeiro son as persoas e a obriga da Corporación é seguir traballando para que se restituía aos afectados na maior medida do posible e ademais tamén tratar de evitar que se volva a producir unha inundación das dimensións da que se produciu a do pasado día 30 de marzo.-

O sr. Gómez afirma que aquí o principal é axudar aos damnificados, non botarlle a culpa ao goberno nin ao que fixo as infraestruturas; parécenlle correctas as explicacións que deu o goberno porque serían as explicacións que calquera goberno podería dar, non hai outras explicacións.-

A sra. Bolaño quere en primeiro lugar solidarizarse cos afectados e salienta que en Sada non houbo ningunha perda humana por fortuna, se as houbera non estaríamos pensando nas perdas materiais seguramente. Fala dos informes das diferentes entidades e organismos que actuaron, todos eles coincidentes nos feitos e nas medidas adoptadas, e da participación no operativo de mais de cen persoas dos servizos municipais, forzas e corpos de seguridade, outras administracións, Cruz Vermella, empresas, etc. O importante cando ocorre unha catástrofe é que a xente se sinta apoiada e respaldada polo concello, como está sucedendo, cun seguimento constante, foron asesoradas xa 156 persoas, hai xente incluso que xa cobrou as axudas; desexaría que continuase a sintonía que se produxo na xunta de portavoces que houbo ese mesmo día ás 10 da noite, e que dunha desgracia non se pretenda sacar tallada.

O sr. Montouto considera que esta Corporación e seguramente tamén as anteriores, é consciente dos graves problemas que hai coas infraestruturas existentes na zona onde aconteceu a inundación. En agosto de 2015 foron o sr. Alcalde e el a Augas de Galicia porque se lles indicou nos servizos técnicos que a anterior Corporación tiña un compromiso formal coa Consellería para facer unha inversión nas infraestruturas necesaria, cuantificada ao redor de 1.200.000 euros, pero na reunión co Subdirector de Augas de Galicia se lles dixo que Augas de Galicia soamente tiña naquel momento 50.000 € para inverter en Sada. Falouse estes días da posible responsabilidade do concello e el pregúntase por que o Concello non fixo alegación de ningún tipo cando a Xunta iniciou o período de consulta pública dos mapas de perigosidade e risco de inundacións das zonas costeiras e fluviais e todos os concellos foron consultados. Aludiuse tamén a falta de transparencia na xestión do goberno, pero deuse conta de todos os datos dispoñibles dende o primeiro momento, no pleno do día 31. Falouse tamén de parálise do goberno municipal, cando dous días despois dos incidentes xa estaba en marcha o punto de información aos afectados, se falou co Consorcio de compensación de seguros, chegaron os peritos e se tramitou con celeridade todas as axudas. Inacción é non responder a Augas de Galicia cando en outubro de 2014 solicitou do concello de Sada unha relación dos puntos de desbordamento por choivas antes do 31-12-2014, de forma que dita Administración tivo que reiterar en abril de 2015 a mesma petición. Afirma que o director de Augas de Galicia foi claro e rotundo nas causas que deron lugar a este desafortunado episodio, e di que botou en falta a visita do Presidente da Xunta de Galicia ou dalgunha consellaría, e que o Consello da Xunta de Galicia aínda non tomara en conta e ditase un decreto de axudas, como fixo en 2006 ou en 2013 noutros lugares de Galicia. Hai que apoiar a acción do goberno para que o antes posible se poidan acometer as obras necesarias para que isto non volva a pasar.-

O sr. Anido di ao sr. Montouto que inacción é non tramitar a moción de 2008, do PP, PDSP e ASU, para que a cantidade de 2.400.000 euros dispoñible para investir en Sada se dedicara de forma prioritaria á continuación da canalización do Río Maior ao seu paso pola rúa Venezuela para evitar os problemas de inundacións de gran parte do casco urbano. Di que el foi o primeiro en falar de catástrofe nunha intervención na radio, na que tamén ofreceu a súa axuda ao goberno municipal, e o seu grupo está a disposición da alcaldía para ir á Xunta, a Augas de Galicia, ou a onde sexa, non van cuestionar o

acordado no Pleno anterior. O sr. Alcalde non cumpriu o acordado na Xunta de Portavoces do día 30, ao traer a pleno unha moción para solicitar da Xunta a realización de obras. O seu grupo felicita e agradece a todos os servizos que colaboraron os días 30 e 31, pero desgraciadamente non poden aplaudir a xestión do sr. Alcalde; fala dos informes que hai no expediente e manifesta as súas dúbidas sobre a hora en que se solicitou a axuda da Garda Civil, e di tamén que un informe da Policía Local fala das 3:28 h como hora da primeira chamada, pero falta algunha outra chamada importante porque el sabe que un vecino da rúa Laguna chamou á Policía Local á 1:52 h advertindo do que estaba pasando; o informe do servizo de emerxencias municipal di que se pasou de alerta amarela a alerta laranxa ás 6 da mañá, pero coa chamada dese veciño xa había que alertar aos veciños con bocinazos e coa sirena da Policía Local para que polo menos puideran apartar os coches da vía pública e dos garaxes. Di que segundo o informe do SEM cando chegaron á zona o nivel da auga chegaba ata a rasante da rúa sen posibilidade de abrir a trampilla, debido á forza coa que baixaba a auga, cunha boa xestión e unha boa anticipación teríanse minimizado as consecuencias, esas trampillas debían terse aberto con moitas horas de antelación como así facía el sendo alcalde e por iso o denunciaron en varias ocasións. Non piden culpables pero si responsabilidades, o sr. alcalde ten que ter a responsabilidade do que fixo e do que non fixo, houbo unha falta total de previsión, e ata as 8 da mañá non se enteraron do que pasou en Sada.-

O sr. Alcalde di que se chamou á Garda Civil ás 10 da mañá para avisar aos GEAS porque a Garda Civil xa estaba aquí, como ben di no seu informe a Garda Civil estivo co alcalde toda a noite, pero facían falta as zodiacs dos GEAS. Di que o 112 chegou ás 4:25 e achicaron en Vertín. Ao ler o informe completo e non só partes sesgadas, compróbase que as vías de evacuación estaban libres; pero hai que saber que as trampillas das que falan son aliviadéros de 40 cm, do tamaño dun folio, que funcionan por desborde e que non representan nada en inundacións como as producidas. El coñece moi ben o concello de Sada e coñece o seu saneamento e redes de pluviais, cousa que parece descoñecer o sr. Anido a pesar de ter sido alcalde durante catro anos. Agora o que queda é traballar porque non se volva a repetir un feito desta magnitude tomando medidas estruturais e urxentes, e tramitar as axudas para paliar os danos, oxalá estiveramos todos traballando da man e non intentando sacar rédito electoral dunha catástrofe como están facendo algúns. Fala das xestións co Consorcio de compensación de seguros, que está avanzando bastante rápido na súa valoración e nos pagos pola gran colaboración veciñal, da necesidade de obter valoracións de danos que poidan servir para pedir axudas como as do Real Decreto 307/2005, que agarda que conceda o Goberno do Estado, como tamén espera que o goberno da Xunta conceda axudas da mesma forma que fixo coa Mariña lucense, e di que dende logo o Concello de Sada vai a apoiar todo o que permita a legalidade aos seus veciños.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte e unha horas e oito minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-